



.....

**Xornada**

**Dos gabinetes de  
ciencias dos  
institutos históricos  
aos clubs de ciencia e  
o STEMbach**

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
Mércores, 11 de marzo de 2020



A mediados do século XIX créanse os institutos de ensino secundario e dótanse de laboratorios de química e gabinetes de física e historia natural, un fito que permitiu implementar un ensino máis experimental nas aulas. Planetarios, espectroscopios, modelos anatómicos ou cristalográficos son exemplos da dotación de instrumentación e material pedagóxico. É importante subliñar a sinerxía entre os gabinetes e a biblioteca, cos seus tratados de física, compendios de matemáticas ou enciclopedias.

Existen en Galicia seis institutos históricos que, en conxunto, contan cun importante patrimonio arquitectónico, bibliográfico e científico que cómpre preservar e tamén dar a coñecer.

Aínda que na actualidade contamos con máis de douscentos institutos, que cobren todo o territorio, segue a ser necesario darlle pulo ás vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas), especialmente entre as rapazas. É nos anos de instituto cando as e os adolescentes toman as decisións importantes respecto das súas vocacións. Os clubs de ciencia proporcionan un escenario propicio para a investigación, a análise, o traballo colaborativo ou a implementación de solucións tecnolóxicas. O STEMBach crea nas ensinanzas postobligatorias unha canle directa coa universidade, posibilitando o desenvolvemento, individual ou en equipo, de traballos de investigación que facilitan a transición do instituto aos estudos superiores.

Dende o CCG queremos visibilizar nesta actividade, mediante experimentos e a exposición de traballos de investigación, o funcionamento dos clubs de ciencia e o STEMBach, salientando a implicación do corpo docente e a motivación do alumnado. Remataremos a xornada cunha visita guiada ao laboratorio e biblioteca históricos do vello instituto compostelán, no IES Arcebispo Xelmírez I, para ver in situ algunhas das xoias do noso patrimonio pedagóxico.

# Programa

---

Sesión da mañá

10:00 horas

Inauguración

**Rosario Álvarez**, presidenta do Consello da Cultura Galega  
**Elena Vázquez Cendón**, coordinadora da Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do CCG

**Javier Zunzunegui**, coordinador da xornada

**Manuel Portas**, director do IES Xelmírez I

10:15 horas

Conferencia

*Unha ollada aos gabinetes de ciencias do vello instituto de Santiago*

**Rafael Sisto**, alcalde de Teo, docente de Física e Química e doutorado en Ciencias da Educación pola USC

11:00 horas

*Traballos de investigación no eido do STEMbach*

Alumnado dos IES Rosalía de Castro e Arcebispo Xelmírez I e II

**Julia Taboada Martínez**, asesora STEM da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, Xunta de Galicia

**Jesús Fidalgo**, docente de Física e Química no IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela

**Jose Luis Martín**, docente de Física e Química no IES Arcebispo Xelmírez II, Santiago de Compostela

**Teresa Varela**, docente de Bioloxía e Xeoloxía no IES Arcebispo Xelmírez I, Santiago de Compostela

12:00 horas

Pausa

12:30 horas

*Clubs de ciencia en acción: experimentos e actividades*

Alumnado de catro centros de ensino con club de ciencias

**José Benito Búa**, docente de Matemáticas no IES Sánchez Cantón, Pontevedra

**Javier Corbelle**, docente de Física e Química no IES Arcebispo Xelmírez I

**Javier Santiago**, docente de Bioloxía e Xeoloxía no CPI dos Dices, Rois

**José Viñas**, docente de Bioloxía e Xeoloxía no IES David Buján, Cambre

14:00 - 14:30 horas

*Experimentos na praza do Obradoiro*

Sesión da tarde

16:00 horas

*Visita guiada ao laboratorio e biblioteca históricos do IES Arcebispo Xelmírez I*

**Javier Corbelle**, docente de Física e Química e responsable do laboratorio histórico

**M.<sup>a</sup> Jesús Mascareñas**, docente de Xeografía e Historia e responsable da biblioteca histórica

## **Organiza**

Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **Colabora**

IES Xelmírez I

## **Coordina**

Javier Méndez Zunzunegui

## **Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **Inscripción**

### **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

**Organiza:**



**Colabora**

